




Datos Do Expediente:

PLENO	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
 AYT/PLE/10/2019	 GOB13I0AH
134V6T0C0C1A5J4B1056	
	

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO O DOCE DE XUÑO DE DOUS MIL DEZANOVE

<p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u> D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª NATALIA HERMIDA RICO D/Dª JUAN PABLO MAURIZ ROMERO D/Dª M. DEL CARMEN ESPADA CORTIZAS D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª ROMAN ROMERO FRANCO D/Dª MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/Dª JOSE IBAN SANTALLA BORREIROS D/Dª MARCOS LOPEZ BALADO D/Dª LAURA PENA FERNANDEZ D/Dª HIPOLITO FARIÑAS SOBRINO D/Dª PATRICIA ANEIROS FREIRE D/Dª ESTHER CARBALLEIRA REGO D/Dª CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/Dª JOSE MARÍA GOMEZ FANDIÑO D/Dª TERESA JESUS SABIO RODRIGUEZ D/Dª ALFONSO CASAL PITA</p> <p><u>NON ASISTE:</u> D/Dª ANDRE ABELEDO FERNANDEZ</p> <p><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/Dª MªDEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 10:04 do doce de xuño de dous mil dezanove, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión extraordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
---	---

1º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

O Concello Pleno, por asentemento, aprobou a acta do día 30-05-2019.

-Sra. alcaldesa: se vos fará chegar as actas da Xunta de Goberno Local e do Pleno últimas e dentro dunha semana máis ou menos se vos quitarán aos concelleiros/as que cesades hoxe, os permisos para acceder á carpeta xenérica.

Non sei se queredes facer algunha intervención, xa fóra da orde do día.

INTERVENCIONS

-Sra. García Blanco: bos días. Eu quero aproveitar este momento para despedir ás persoas que non van estar aquí no vindeiro mandato e desexarlles o mellor do mellor, e máis alá das diferenzas políticas penso que estamos as persoas, así que esperamos que aínda que non esteades aquí que veñades de cando en vez e, senón pola rúa podamos compartir algún momento.

Pero quería facer sobre todo, un pequeno recordo ao meu compañeiro, a Octavio, que hoxe estaría aquí tamén despedindo este mandato. Moitas grazas.

(Aplausos)

-Sra. Sabio Rodríguez: bo día a todas e a todos. Vou a falar eu en nome dos dous porque Fandiño, xa sabedes, que por el non decíamos nada pero foi unha boa experiencia, para min foi máis tempo co cal tiven máis tempo tamén a vivir o que era a vida política, moi distinta dende fóra que dende dentro.

Para min foi un placer ser concelleira do BNG e estar no grupo de goberno con todos vos, creo que nunca houbo un problema persoal, incluso coa xente da oposición, pois as diferenzas eran ideolóxicas, nunca persoais.

Quero dar as grazas aos funcionarios porque nunca puxeron un impedimento para facer nada, sempre intentaron traballar o máis posible. Grazas Sr. secretario, grazas Sra. interventora e grazas tamén á tesoureira que non é funcionaria do Concello pero aí está tamén. Grazas a todos, grazas pola boa relación e bueno, eu ando dando por aí o meu teléfono persoal por si naquelo pouquiño que eu puidera facer no que o Concello de Narón o precise. Moitas grazas.

-Sr. López Balado: gracias. Bueno, yo, reiterar antes de nada la enhorabuena a la alcaldesa en funciones por los resultados electorales. A veces, lo tenemos comentado, los vecinos escogen lo que les parece, sé que hay gente que cuando no sale el resultado que les gusta suelen decir “*es que los vecinos son tontos*”. Pues no, los vecinos no son tontos, por los motivos que sean, escogen lo que quieren y a nosotros nos toca aceptar los resultados siempre.

Después quería despedirme también de los compañeros de Corporación que hoy es su último pleno de la Corporación, su nombre ya es parte de la historia de este ayuntamiento, que dentro del ámbito ideológico de su partido creo que todos se han portado de una manera honorable, vamos a decir, y han prestado un servicio a sus vecinos y pocas cosas tan bonitas como esa puede haber. Despedirme especialmente del compañero Octavio que ya no está y simplemente para finalizar, pues agradecer la labor de mis compañeros del grupo municipal popular que difícilmente voy a tener mejores compañeros. Creo que también siempre han puesto por delante el interés por los vecinos y no me queda otra que agradecer el haber estado siempre ahí y su labor. Gracias.

-Sr. Casal Pita: bueno, en primeiro lugar, agradecer as palabras das persoas que falaron ata agora. Decir que foi unha experiencia interesante na que se aprendeu moito e como

todo, pois puidemos traballar mellor. Tratamos sempre de facer o mellor que entendíamos para o concello, para o conxunto da cidadanía e desa forma actuamos.

E bueno, dalgunha forma non é un adiós de todo porque bueno, continuaremos despois dun pouco de actuar na vida política, neste camiño, procuraremos seguir traballando dende fóra do concello e continuar algo que temos inciado e nada, agradecer a todo o mundo todo o seu traballo, a súa colaboración e creo que á marxe das diferenzas políticas pois bueno, sempre houbo en xeral unha boa relación e espero que continúe sendo así. Grazas.

-Sra.alcaldesa: bueno, eu quería agradecer como non pode ser doutra maneira, a todas as persoas que deixan... a Fandiño, a Teresa, a Esther, a Hipólito, Laura, Marita, todo a labor que fixeron todo este tempo que estiveron no concello, e a Alfonso perdón, foi un placer traballar con eles. Evidentemente coa xente que gobernamos agradecervos que como outro partido que forma parte do goberno, que non é Terra Galega, agradecer o traballo que fixéchedes que sempre houbo diálogo, sempre se puido chegar a acordos, a verdade é que tedes o meu recoñecemento e o meu agradecemento.

A Marita tamén como parte de Terra Galega. Ao resto tamén, aos que formades á oposición, eu creo que hai maneiras e maneiras de facer oposición, comparto máis con uns que con outros, pero bueno, dexésovos o mellor nesta nova etapa que iniciades e como non pode ser doutra maneira, as portas do Concello as tedes abertas e as portas de Terra Galega tamén para o que necesitedes e para o que consideredes. Moitas grazas.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 10:12 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sra. alcaldesa comigo o secretario xeral que DÁ FE.

A alcaldesa

O Secretario Xeral

Asdo. Marián Ferreiro Díaz

Asdo. Alfonso de Prado Fernández-Canteli